



II Plan de Igualdade do Concello de Narón

porigual

II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE

ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS	1
PRELIMINAR	3
I. FUNDAMENTOS DO PLAN	4
II. MARCO NORMATIVO	7
III. A REALIDADE DAS MULLERES DE NARÓN EN CIFRAS	10
IV. ESTRATEXIA METODOLÓXICA.....	19
V. ESTRUCTURA XERAL	30
V.1. EIXO INSTITUCIONAL (0).....	37
V.2. ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (I)	43
V.3. ÁREA DE VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS (II)	50
V.4. ÁREA DE BENESTAR INTEGRAL E CALIDADE DE VIDA (III).....	57
V.5. ÁREA DE IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO (IV).....	64
V.6. ÁREA DE EMPREGO, CONCILIACIÓN E XESTIÓN DOS TEMPOS (V) .	71
V.7. ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (VI)	77
VI. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN	82
VII. ANEXOS.....	84
VII. 1. BATERÍA DE SUXESTIÓNS RECOMPILADAS NAS MESAS DE TRABALLO E REUNIÓNS DE COORDINACIÓN.	84
VII.2. GLOSARIO DE TERMOS	89
VII.3. DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA MANEXADA.....	93

PRELIMINAR

O proxecto técnico presente é o documento base do II Plan Municipal de Igualdade de Narón. Non obstante, se ben o documento esta rematado, isto non quere dicir que sexa o contido definitivo do II Plan, se ben será o documento de partida para os dictames da Comisión Informativa e Acordo Plenario que proceda na súa aprobación definitiva, así coma o posterior proceso de participación aberto para as alegacións, suxestións, etc.

Por outra banda, engádesse a observación de que a planificación orzamentaria atópase pendente da aprobación dos vindeiros orzamentos, e incorporarse ao documento en canto estean dispoñibles.

I. FUNDAMENTOS DO PLAN

A introdución da perspectiva de xénero nas políticas recoñece a sociedade como heteroxénea ao igual que as súas demandas e necesidades, pondera as posibles consecuencias diferenciais de políticas e programas na vida de mulleres e homes e valora o papel das mulleres como suxeitos activos no desenvolvemento local. Esta forma de traballo, a introdución da perspectiva de xénero, aporta unha nova maneira de enfocar os problemas, necesidades e demandas tentando conxugar eficiencia e benestar, inclusión e diversidade, buscando respostas que apunten á mellora da calidade de vida da comunidade local.

Se a vontade da administración de traballar a favor da igualdade é imprescindible, non o é menos a colaboración cos distintos axentes sociais que proporcionan o coñecemento sobre a realidade dos distintos colectivos e a participación cidadá como garante do correcto deseño de accións que realmente atendan ás demandas xurdidas entre a cidadanía. Un Plan de Igualdade supón unha planificación social a futuro en tanto que pretende ter un impacto (planificado, medido e razoado) a nivel práctico que redunde nunha mellora da situación social das mulleres, pero tamén dos varóns. A fórmula máis rigorosa e sistemática para incorporar o principio de igualdade consiste na realización de plans nos que se arbitren as actuacións adecuadas que favorezan a participación igualitaria de homes e mulleres en todas as estruturas de desenvolvemento municipal.

O Plan de Igualdade ten unha vixencia determinada na que se deben desenvolver actividades POSIBLES e EXECUTABLES nese período. A TRANSVERSALIDADE debe ser o principio que vertebre o seu deseño, e o Plan, á súa vez, debe incluírse tamén transversalmente na planificación do resto de áreas do Concello, de xeito que sexa posible artellar unha PLANIFICACIÓN RECTORA IMBRICADA POLA IGUALDADE. O II Plan de Igualdade do Concello de Narón forma parte do Plan Rector dos servizos municipais

e, se ben a redacción do presente documento ten carácter previo, ambas planificacións regulamentadas están imbricadas e son planificadas de xeito simultáneo.

Os **fundamentos do II Plan de Igualdade do Concello de Narón** pivotan sobre os seguintes piares:

A **executabilidade sincronizada**. O Plan planifícase para un cuatrienio dividido en dous bienios e prorrogable nun cuatrienio máis polos mecanismos regulamentados no apartado referido ao procedemento de avaliación.

Esta regulamentación enlaza cun segundo fundamento, o da **estruturalidade e normativización**, como garantías da execución correcta do Plan por medio da regulamentación orgánica do mesmo, establecida no presente documento e que indica os órganos competentes en cada campo.

A **sincronización orzamentaria**, coa adscripción clara dos orzamentos a executar de xeito plurianual e en relación a cada unha das accións recollidas no Plan.

A **integralidade e transversalidade**, garantida polos servizos sociocomunitarios como equipos transversalizadores de cada unha das accións do Plan.


A **especialización nas accións** concretas e inscritas nos recursos xenéricos do Concello.

A **medición, seguimento e avaliación sistemáticas do Plan**, por medio de indicadores de carácter cuantitativo e cualitativo que dean conta do grao de cumprimento dos obxectivos agardados.

A **visibilización e a accesibilidade** do Plan para todas as persoas implicadas directa ou indirectamente no seu desenvolvemento e tamén para a poboación de Narón,



explicitando as unidades técnicas asignadas para este fin e definindo normativamente os espazos de participación dos distintos axentes sociais.



II. MARCO NORMATIVO

Un Plan que aborde a necesidade de corrección das desigualdades entre mulleres e homes ten que adecuarse na súa elaboración á realidade da sociedade ou sector no que se pretende implantar e debe considerar as políticas e normas que en materia de igualdade foron emanadas por outros organismos de carácter tanto internacional como estatais ou autonómicos. Así mesmo, e en relación ás normas legais, o principio de igualdade situase hoxe no centro de todas as políticas e así se reflicte na normativa emanada por distintos organismos, fundamentalmente estatais e galegos, normas que obviamente son de obrigado cumprimento. É preciso citar as planificacións e normas máis salientables nos ámbitos comunitario, estatal e autonómico, co obxecto de que sirvan de referencia prioritaria na elaboración e implantación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Narón.

Dentro das planificacións estratéxicas en materia de igualdade, a nivel comunitario está en vigor a Estratexia Europea 2010-2015, que pivota sobre cinco áreas prioritarias:

- Igual independencia económica.
- Salario igual a traballo igual e traballo de igual valor.
- Igualdade na toma de decisións.
- Dignidade, integridade e fin da violencia sexista.
- Igualdade na acción exterior.

O Plan estratéxico de igualdade de oportunidades (2008-2011) do Goberno central establece como eixos prioritarios de traballo a redefinición do modelo de cidadanía, o empoderamento das mulleres, a transversalidade da perspectiva de xénero e a innovación científica e tecnolóxica como unha das principais forzas de cambio social. Estes principios reitores modulan os doce eixos que compoñen a estrutura do Plan. Pola súa banda, o V Plan do Goberno galego para a Igualdade entre Mulleres e Homes (2007-2010) abordaba catro liñas estratéxicas:



Liña estratéxica 1: participación e empoderamento.

Liña estratéxica 2: acceso á información e aos recursos.

Liña estratéxica 3: formación en igualdade entre mulleres e homes.

Liña estratéxica 4: abordaxe integral da violencia de xénero.

Na actualidade atópase a disposición e consulta pública o borrador do VI Plan de Igualdade da Xunta de Galicia (2012-2015), que propón seis eixos de traballo e no que a aplicación da transversalidade é o principio reitor. As áreas temáticas de cada eixo son as seguintes, que se relacionan de seguido cos obxectivos do II Plan de Igualdade do Concello de Narón:

Eixo 1: Mellora da gobernanza en favor da igualdade.

En relación a este eixo, a redacción e execución do II Plan de Igualdade de Narón está incardinada na mellora da gobernanza municipal en termos de igualdade.

Eixo 2: Cambio de valores e modelos para a igualdade.

Neste sentido, o II Plan de Narón normativiza e aporta valores de congruencia interna e externa en toda a súa programación.

Eixo 3: Aproveitamento do talento das mulleres.

Nesta liña exposta polo ente autonómico, o Concello de Narón aposta con claridade polas medidas correctoras precisas encamiñadas a equilibrar a situación de mulleres e homes na sociedade.

Eixo 4: Conciliación corresponsable e calidade de vida.

Dende o Concello de Narón véñense realizando numerosas actuacións en materia de conciliación que son apuntaladas normativamente no presente documento e melloradas de cara os vindeiros anos.

Eixo 5: Participación activa das mulleres.

O II Plan de Igualdade promove importantes avances no tocante á participación social das mulleres nos distintos eidos.

Eixo 6: Acción integral para combater a violencia de xénero.



Dende o presente documento póñense en marcha diversos mecanismos dirixidos á prevención, detección e intervención na violencia contra as mulleres nas súas distintas manifestacións, destacando a elaboración dun protocolo nesta materia.

No tocante á lexislación farase referencia á normativa de carácter máis recente a nivel estatal e autonómico, dado que nos últimos anos se produciron importantes avances lexislativos en materia de igualdade. No ámbito estatal destacan:

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

A nivel autonómico, as normas lexislativas máis salientables son as seguintes:

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes, na que destacaremos a referencia no Capítulo IX sobre á colaboración autonómica coas corporacións locais refírese á colaboración municipal nos plans e programas autonómicos e á promoción autonómica de plans municipais de igualdade.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia que, entre outros avances, articula medidas municipais de conciliación e fomenta os plans de igualdade empresariais.
- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero afirma o carácter integral da lei implicando de forma coordinada ás diferentes instancias e administracións e indica que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, participarán activamente no desenvolvemento da lei.

III. A REALIDADE DAS MULLERES DE NARÓN EN CIFRAS

Segundo datos do padrón municipal para o ano 2011, o Concello de Narón contaba nesa data cunha poboación de 38.910 habitantes, distribuída do seguinte xeito:

Poboación	Homes	Mulleres	Total
0 a 15 anos	2.797	2.724	5.522
16 a 64 anos	13.032	13.174	26.206
65 e máis anos	3.099	4.083	7.182
Poboación total	18.929	19.981	38.910
Poboación estranxeira	494	524	1.018

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Das 1.018 persoas estranxeiras que residen no Concello de Narón, cabe destacar a multicultural composición por país de orixe, que de seguido se amosa desagregada por sexo.

País de orixe	Homes	Mulleres
Alemaña	11	5
Francia	6	11
Italia	14	8
Polonia	16	8
Portugal	112	60
Reino Unido	8	5
Bulgaria	4	1
Rumanía	58	34
Rusia	1	1

Ucrania	4	3
Argelia	5	1
Marrocos	6	12
Nigeria	1	1
Senegal	34	5
Arxentina	6	13
Bolivia	0	1
Brasil	37	95
Colombia	51	106
Cuba	8	8
Chile	4	14
Ecuador	9	7
Paraguai	0	4
Perú	26	19
República Dominicana	10	15
Uruguai	4	11
Venezuela	13	29
China	17	16
Oceanía e apátridas	1	1
Total estranxeiros/as	494	524

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

A media de idade do Concello era na mesma data de 42,4 anos e o índice de envelhecimento de 108,6. No ano 2011 producíronse 420 nacementos e 340 defuncións, resultando un saldo vexetativo de 80. Para o período 2010 (últimos datos dispoñibles do Instituto Nacional de Estatística) a taxa bruta de natalidade era do 9,8 por mil, a idade media á maternidade de 31 anos e o número medio de fillos/as por muller de 1,2.

No tocante á mobilidade xeográfica do Concello, os movementos migratorios no ano 2011 foron os que se reflicten na seguinte táboa, no atopándose dispoñibles datos desagregados por sexo a nivel municipal:

Movimentos:	Emigracións	Inmigracións
Á mesma provincia	901	1.193
A outra provincia	81	96
A outra comunidade	430	356
Estranxeiro	27	119


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

No curso 2011/2012, no Concello de Narón atopábase matriculado o seguinte número de alumnado en centros de réxime xeral segundo sexo:

Tipo de centro	Homes	Mulleres	Total
Educación infantil	505	527	1032
Educación primaria	892	819	1711
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	461	470	931
Bacharelato ordinario	122	140	262
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	4	29	33
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	13	27	40
Programas de cualificación profesional inicial	54	21	75
Bacharelato de adultos	31	38	69
Ciclos formativos de grao medio adultos	0	0	0

Ciclos formativos de grao superior adultos	0	0	0
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	11	4	15
Educación especial	8	2	10
Total	2101	2077	4178


O impacto do paro rexistrado no ano 2011 no Concello recolle un total de 3.510 persoas desempregadas, das cales 2.309 son mulleres, o que representa o 65,78% sobre o total. Na poboación menor de 25 anos, 312 persoas están rexistradas como paradas, das cales 150 son mulleres: o 48,1%. O paro total rexistrado por sector de actividade foi o seguinte:



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Por sector de actividade, a diferenza de impacto entre homes e mulleres é significativa e resposta á segregación horizontal do mercado de traballo. As mulleres están agrupadas maioritariamente no sector servizos, e cabe destacar tamén a elevada

presenza feminina no epígrafe de persoas rexistradas como paradas sen emprego anterior.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, a evolución no Concello de Narón na percepción de pensións non contributivas por invalidez ou xubilación desagregada foi en diminución dende o ano 2005 ao ano 2011, e foi maioritariamente percibida por mulleres.

Evolución anual por sexo no Concello de Narón do nº de persoas perceptoras de pensión non contributiva por invalidez:

Ano	Homes	Mulleres	Total
2005	113	149	262
2006	110	140	250
2007	114	139	253
2008	112	123	235
2009	112	120	232
2010	104	120	224
2011	103	114	217

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Evolución anual por sexo no Concello de Narón do nº de persoas perceptoras de pensión non contributiva por xubilación:

Ano	Homes	Mulleres	Total
2005	52	236	288
2006	48	232	280
2007	51	213	264
2008	48	210	258
2009	50	201	251
2010	44	192	236
2011	50	185	235

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

No tocante á percepción de axudas de integración ou emerxencia social, a evolución das primeiras foi diminuindo dende o ano 2007, a pesares da conxuntura económica, sendo as mulleres as principais perceptoras. As persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) no Concello de Narón, entre os anos 2007¹ e 2011 desagregado por sexo, foron as seguintes:

Ano	Homes	Mulleres	Total
2007	21	71	92
2008	10	50	60
2009	9	53	62
2010	12	49	61
2011	9	43	52

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

¹ Dende o ano 2007 existen datos desagregados por sexo neste campo no IGE.

Persoas beneficiarias da Axuda de Emerxencia Social (AES) no Concello de Narón, entre os anos 2007 e 2011 desagregado por sexo:

Ano	Homes	Mulleres	Total
2007	7	8	15
2008	5	4	9
2009	1	7	8
2010	4	8	12
2011	3	10	13

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Dado que a atención á diversidade é unha parte relevante do presente Plan, cabe destacar que no ano 2011 residían en Narón un total de 4.497 persoas cunha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%. Deste total, 2.688 padecen unha discapacidade física, 1.206 unha discapacidade psíquica e 603 unha discapacidade de carácter sensorial, segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar.


Posto que o presente Plan de Igualdade incide na promoción da igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral do sector privado, cómpre poñer de manifesto o potencial do empresariado naronés, e o seu peso na economía do Concello. No ano 2010 atópanse rexistradas no Concello 2.135 empresas, as cales segundo condición xurídica se reparten da seguinte forma:

Condición xurídica:	Nº
Persoas físicas	1.206
Sociedades anónimas	40
Sociedades de responsabilidade limitada	685
Cooperativas	19

Outras	185
Total	2.135


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

A maioría das empresas radicadas no Concello de Narón dedícanse ao sector servizos, e distribúense por actividade do seguinte xeito:



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Segundo persoal asalariado, a maioría das empresas non contan con el, ou posúen de 1 a 2 persoas asalariadas. Cabe destacar o dato de que, no extremo oposto, hai 3 empresas de 250 persoas asalariadas ou máis e que teñen, polo tanto, a obriga de contar con plans de igualdade, sendo no resto dos casos de carácter voluntario.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

IV. ESTRATEXIA METODOLÓXICA

A redacción do II Plan de Igualdade do Concello de Narón principiou metodoloxicamente por unha análise documental. Para elo, tivéronse en conta tres documentos de traballo fundamentais:

- I Plan de Igualdade, xa rematado e prorrogado durante o prazo de execución dos traballos do II Plan.
- Os resultados da avaliación externa do mesmo, entregada en xaneiro de 2011.
- Memorias do Servizo Comunitario 2011.



A partires da análise destes documentos poden definirse xa liñas de traballo e prioridades resultantes da execución do plan anterior. Nos plans de igualdade, o derradeiro nivel de traballo confórmano as fórmulas de medición e avaliación de resultados, dirixidas a detectar os avances, pero tamén as ineficiencias na implantación do principio de igualdade. Esta avaliación deu conta dos avances

acadados a través da implantación do Plan de Igualdade na situación de partida, e facilita a planificación de futuras intervencións naquelas áreas ou naqueles aspectos que teñan permanecido inamovibles nos valores iniciais ou que non acadaran os resultados de mellora esperados.

A análise dos resultados da avaliación supuxo a primeira fase metodolóxica. O informe final de avaliación recollía propostas de actuacións futuras nunha análise propositiva que pretendía servir de base sólida e fundamentada para a redacción do II Plan de Igualdade do Concello de Narón. Así mesmo, pártese dunha brevísimas descrición actualizada da situación socioeconómica das mulleres en Narón, a nivel estatístico e baseada en datos secundarios, tras un proceso de recollida de datos e tratamento da información documental existente.

A estratexia metodolóxica executada é de carácter cualitativo e incluiu as seguintes técnicas de traballo:

MESAS DE TRABALLO: Realizáronse dúas mesas sectoriais enfocadas a coñecer as potenciais demandas cara o novo plan de igualdade por parte de dous colectivos de especial significado. A composición das mesas foi consensuada co persoal responsable no Concello de coordinación dos traballos de redacción do Plan:

- Por unha banda, unha mesa co persoal técnico do Concello e Servizos Municipais con relación directa no Plan de Igualdade.
- En segundo lugar, unha mesa sectorial de traballo con asociacións e representantes de diversos colectivos sociais diana.

MESA SECTORIAL DE TRABALLO 10 DE SETEMBRO DE 2012.

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE



LUGAR E HORA: Sala de Prensa do Concello de Narón, 13-00-15.00 hs.

ASISTEN:

Técnica Gaela Consultora

Persoal responsable de coordinación dos traballos de redacción do Plan (2)

Técnica de participación cidadá

Técnica de xuventude

Administrativo do Servizo Sociocomunitario

Traballadoras sociais (2)

Psicóloga

Total asistentes: 9

% de mulleres: 77,7%

- Necesidade de facer labores de sensibilización en materia de violencia por medios novos.
- Necesidade de traballar en materia de violencia coas mulleres do ámbito rural.
- Necesidade de conectar o Plan de Igualdade co protocolo en materia de violencia de xénero no que se está a traballar.
- Necesidade de involucrar aos homes.

MESA SECTORIAL DE TRABALLO 17 DE SETEMBRO DE 2012.

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

LUGAR E HORA: SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO CONCELLO DE NARÓN, 17.-00-19.30

ASISTEN:

Técnica Gaela Consultora

Persoal responsable de coordinación dos traballos de redacción do Plan (1)

Representantes do IES A Gándara (2)

Matrona do Centro de Saúde

Técnica de xuventude

Coordinadora da empresa prestadora do servizo de escola de pais e nais Senes

Representante da empresa prestadora de servizos formativos Gatfor

Representantes da Asociación de Mulleres Arume (3)



Representantes da Asociación de Minusválidos Narón-Ferrol (2)

Representantes da Asociación de Mulleres Rurais de Ferrerías (2)

Total asistentes: 15.

% de mulleres: 100%

- As asociacións de mulleres amosan interese polos cursos non tradicionais e particularmente con aqueles relacionados coas novas tecnoloxías.
- Demandan maiores recursos económicos para desenvolver as súas actividades.
- Din descoñecer nalgún caso en qué consiste un plan de igualdade e qué poden aportar ao mesmo.
- Trátase de asociacións cunha media de idade elevada.
- Dende a asociación de persoas con discapacidade apúntase a dificultade de que as mulleres nesa situación que sufran violencia de xénero saian dela porque a teñen normalizada.
- Séntense desmotivadas á hora de servir de canle para a detección de necesidades da veciñanza (como vítimas da violencia de xénero, nenos/as desamparados/as,...) xa que logo raramente lles fan caso desde as administracións.
- Necesidade de traballo en rede entre asociacións.
- Dende a empresa de servizos de formación solicítase que se transversalice a perspectiva de xénero nos cursos formativos organizados polo Concello, de xeito que se eviten os módulos estancos ao final de cada curso.
- A matrona do Centro de Saúde advirte da necesidade de relacionarse detectada en mulleres de mediana idade ás que atende e suxire que as actividades das asociacións se publiciten no Centro.
- Aмосa a súa preocupación pola elevada taxa de natalidade entre as mulleres xitanas.
- Reitera a necesidade de insistir na educación sexual en todas as fronte: enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, roles de xénero... Expressa a necesidade de baixar a idade aos 13-14 anos.
- Dende o sector educativo apóiase esta última proposta. Ademais detectan nos centros un descenso dos problemas de bulimia e anorexia e un ascenso dos problemas relacionados con celos e control e o uso das novas tecnoloxías para o acoso a través medios de comunicación instantáneos (*whatsapp*)
- Mantéñense mitos en torno á sexualidade que deberían estar superados.
- A escola de pais e nais, á cal na actualidade acoden un importante número de pais, realiza unha importante labor pero incide en familias que xa teñen un elevado nivel de concienciación e non chega a quen máis o precisa.

ENTREVISTAS A INFORMANTES CLAVE: Co obxecto de valorar as áreas prioritarias do Plan dende un punto de vista técnico leváronse a cabo unha serie de entrevistas persoais a informantes clave do sector público e privado.

ENTREVISTA: Animador sociocultural do Padroado de Cultura

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 1 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO CONCELLO DE NARÓN, 11.30

PRINCIPAIS ACHEGAS:

- Considera que perviven numerosos estereotipos de xénero que favorecen a alta presenza de mulleres e nenas en determinadas actividades culturais e unha presenza moi escasa noutras.
- Constata estas diferenzas, que non pode contrastar con datos concretos pola inexistencia dunha aplicación informática que permita desagregar os datos por sexo de xeito automático.
- Considera que sería positivo traballar a prol da erradicación deses estereotipos dende as idades máis novas e na propia divulgación das actividades.

ENTREVISTA: Director técnico do Padroado de Cultura

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 1 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: PADROADO DE CULTURA CONCELLO DE NARÓN, 12.30

PRINCIPAIS ACHEGAS:

- Considera que sería altamente positivo dispoñer dunha ferramenta informática que permita a desagregación automática por sexo dos datos do Padroado de Cultura.
- Se ben os criterios de elección das actividades culturais/artísticas son de

carácter artístico, refire que a discriminación positiva vense introducindo na medida en que se ten en conta a dirección feminina dos espectáculos e a presenza feminina nos repartos dos mesmos.

- O Padroado realiza actividades culturais directamente relacionadas coa igualdade, e de xeito particular a escola de teatro.

ENTREVISTA: Xerente asesoría laboral, fiscal e contable radicada en Narón

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 8 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: LOCAL ASESORÍA, 11.30

PRINCIPAIS ACHEGAS:

- A empresa realiza labores de asesoría e xestión maioritariamente para autónomos/as e empresas con 2-3 asalariados/as.
- Constatan que a maioría do empresariado ten un gran descoñecemento e mesmo reticencias en cuestións referentes á igualdade, citando lexislación, ventaxas, conciliación, como exemplos claros deste descoñecemento.
- Considera que sería positivo ofertar información sobre todo en torno á normativa dirixida ao empresariado e, no seu caso, formación de carácter semipresencial.
- Descoñecen o I Plan de Igualdade do Concello.

ENTREVISTA: Xerente do Padroado de Deportes

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 15 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: PADROADO DE DEPORTES CONCELLO DE NARÓN, 12.00

- Expón a necesidade de dispoñer de datos estatísticos desagregados tanto por sexo coma por lugar de procedencia das persoas usuarias das instalacións deportivas e das actividades do padroado.
- Apunta que é difícil formar equipos femininos en determinados deportes (cita

o fútbol sala), polo que os clubs, debido tamén as dificultades económicas, deciden prescindir deles.

- Fai referencia a un estudo que se realizou en torno ao ano 1995 no que se estudaba a situación dos usos das instalacións e no que se contemplaban variables tales como a idade, e o sexo. Lembra que entre os resultados do estudo se concluíu que as nenas se incorporaban á actividade deportiva máis tardiamente que os nenos, pero despois perduraban na súa práctica máis tempo.

ENTREVISTA: Presidenta Asociación de Comerciantes de Narón

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 15 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: LOCAL COMERCIAL DA ENTREVISTADA, 12.00

PRINCIPAIS ACHEGAS:

- Refire que a actual Xunta Directiva da Asociación está composta só de mulleres (un total de seis).
- Debido a que todas elas teñen cargas familiares (ben menores, ben dependentes) reduciron as reunións presenciais ao mínimo, establecendo unha mensual. En substitución das reunións presenciais fan un maior uso das novas tecnoloxías e reparten os traballos.
- Teñen grandes dificultades tanto para reunirse como para acudir a calquera convocatoria que se lles faga por problemas de conciliación.
- Os horarios comerciais son moi amplos e lles dificultan a participación social.
- Na maioría dos casos, as persoas que conforman a asociación son autónomas sen persoal asalariado, polo que cando xurde un problema familiar ou persoal resúltalles moi complicado ausentarse do seu posto de traballo.
- descoñecen o I Plan de Igualdade do Concello.

ENTREVISTA: Representantes Asociación de Mulleres Rurais (asisten 3 representantes da Xunta Directiva)



ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

DATA: 19 de outubro de 2012

LUGAR E HORA: LOCAL SOCIAL DE SEDES, 18.30

- Sinalan a escasa participación das mulleres do rural no asociacionismo, particularmente nas idades máis novas.
- Demandan cursos relacionados coa xardinería e agricultura ecolóxica ou cociña e conservas, que poderían ter como resultado un incremento da participación das mulleres na asociación e a dinamización económica da parroquia.

OBSERVACIÓN PARTICIPANTE: Na medida do posible tratouse de acudir a actividades dirixidas á promoción da igualdade desenvoltas no período de redacción do II Plan, co obxecto de coñecer *in situ* a súa realidade e demandas; así como a reunións de asociacións directamente vencelladas co mesmo.

OBSERVACIÓN PARTICIPANTE. Reunión informativa de participación cidadá. 28 de setembro de 2012

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

LUGAR E HORA: Local social de Sedes, 18.00-20.00

ASISTEN:

Concelleira delegada de participación cidadá

Técnica Gaela Consultora

Persoal responsable de coordinación dos traballos de redacción do Plan

Técnica de participación cidadá

Asociación veciñal "Rosa dos Ventos" (4)

Asociación de mulleres rurais (2)

ANPA do CRA de Sedes (1)

Total asistentes: 11

% de mulleres: 83,3% do total, 40% sobre representantes de entidades

PRINCIPAIS OBSERVACIÓNS:

- É preciso introducir de xeito transversal a perspectiva de xénero no



regulamento de participación cidadá.

- Sería necesario introducir cotas de presenza feminina nos máximos órganos de participación cidadá.
- É preciso crear o Consello Sectorial de Igualdade, pero de xeito previo parece necesario formar e informar sobre igualdade e sobre as características e potencialidades deste Consello no impulso da igualdade en distintos ámbitos.

OBSERVACIÓN PARTICIPANTE. Partido de futbito mixto e coloquio. 2 de outubro de 2012

ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE

LUGAR E HORA: Campo de fútbol de O Val, 20.00-22.00

ASISTEN:

Concelleira delegada de participación cidadá

Técnica Gaela Consultora

Persoal responsable de coordinación dos traballos de redacción do Plan


Entrenador do equipo feminino do Clube

Xogadores e xogadoras do Clube

PRINCIPAIS OBSERVACIÓNS:

- Existe unha boa disposición por parte de rapaces e rapazas en torno a xogar en equipos mixtos.
- Consideran que os estereotipos de xénero inciden na elección das actividades deportivas de nenos e nenas, dirixidas xa dende a unidade familiar.
- Consideran positiva a experiencia tanto os rapaces e as rapazas como o persoal do Clube presente.





Esta metodoloxía resposta a dous obxectivos: en primeiro lugar á necesidade de artellar un consenso social para a elaboración do II Plan de Igualdade do Concello de Narón, e, en segundo lugar, á posibilidade de concretar un Plan de Igualdade conformado como un marco de traballo planificado que incorpore as propostas, suxestións e demandas reais e prioritarias dos diferentes grupos de interese. Por outra banda, tratouse dunha planificación metodolóxica executable nos tempos de redacción previstos. Paralelamente a estes traballos, realizáronse mesas de coordinación semanais por parte da empresa redactora, o persoal técnico institucional responsable dos traballos de redacción e a Conselleira de Promoción Social e Igualdade.

DATA	TEMÁTICAS
3 de setembro de 2012 (mañá)	Definición da planificación dos traballos e establecemento de cronograma de traballo
10 de setembro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos

17 de setembro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos
24 de setembro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos
1 de outubro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos e revisión do primeiro avance do II Plan
8 de outubro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos
15 de outubro de 2012 (mañá)	Posta en común da marcha dos traballos
19 de outubro de 2012 (tarde)	Definición da estrutura definitiva do Plan e da información de cada acción
29 de outubro de 2012 (tarde)	Definición da estrutura definitiva do Plan

V. ESTRUCTURA XERAL

A avaliación do I Plan de Igualdade funciona como contextualización e fundamentación do deseño do II Plan. No deseño do novo Plan establecéronse:

- A definición do obxecto xeral e misión do Plan nos seus fundamentos.
- A definición de obxectivos estratéxicos e operativos para cada eixo ou área.
- A definición das accións a realizar para dar cumprimento aos obxectivos estratéxicos e operativos, xunto coa información en materia de executabilidade, financiamento, execución e indicadores para a súa avaliación.

Segundo o obxectivo de redactar un Plan de Igualdade altamente participativo, as áreas de intervención do plan pivotaron sobre os resultados obtidos na avaliación do Plan anterior e nas mesas de traballo, entrevistas e observación. Estes traballos permitiron definir as liñas estratéxicas /eixos do novo Plan. A partir deles se estableceron os obxectivos estratéxicos de intervención e un plan de executabilidade que permita unha correcta planificación. Este plan de executabilidade contemplará tres aspectos fundamentais:


- Estructura económica-orzamentaria de financiación do Plan.
- Estructura organizativa-técnica para o desenvolvemento do Plan, con indicación de recursos humanos mínimos adscritos.
- Temporalización das fases da execución con indicadores de accións ou intervencións contidas.

En base aos obxectivos operativos definidos, desenvolvéronse unha serie de medidas ou accións concretas dirixidas tanto a paliar o que se denominan necesidades básicas de xénero como a traballar a prol das necesidades estratéxicas de xénero; fórmulas complementarias e compatibles para acadar unha posición igualitaria de mulleres e homes na sociedade e nos seus ámbitos de desenvolvemento. As accións a

desenvolver e que se contemplan no Plan han de facer visibles os seus efectos tanto a nivel social coma a nivel institucional. Para elo deséñase de xeito complementario ao Plan un sistema de avaliación de procesos e resultados continuo que facilite e sistematice a avaliación final ao remate da vixencia do mesmo. Para elo artéllanse instrumentos de medición e de impacto a distintos niveis, deseñando indicadores que permitan medir a consecución dos obxectivos, procesos e resultados de cada acción de xeito sinxelo e operativo. O II Plan de Igualdade do Concello de Narón posúe as seguintes características:

- É axustado á realidade do Concello de Narón.
- É realista con respecto aos recursos existentes.
- É viable a través de fórmulas correctoras da desigualdade concretas e aplicables.
- É transversal no seu deseño e execución.
- Está integrado no Plan Reitor Municipal dos Servizos Municipais e Sociocomunitarios.
- Está incardinado coa planificación autonómica e estatal.
- É asumible dentro das actuacións da propia administración, e garantido pola regulamentación e orzamentación previstas.
- Está respaldado a través do compromiso dos/as que ostentan a máxima responsabilidade na Administración local, do persoal técnico e dos axentes sociais.





Tal e como se pon de manifesto no diagrama de fluxos inmediatamente anterior, o II Plan de Igualdade vaise articular en seis áreas de actuación, e un eixo (o institucional),

que coordina e ampara as restantes seis áreas. Cabe destacar que en cada área se tiveron en conta de xeito transversal dúas realidades:

- Os ciclos vitais, que modulan as necesidades das persoas ao longo das súas vidas.
- A diversidade xeográfica, que actúa como condicionante no acceso aos recursos.

Cada área de traballo posúe un obxectivo estratéxico, así coma o eixo institucional. Os obxectivos estratéxicos correspondentes a cada área/eixo son os seguintes:



EIXO INSTITUCIONAL

- Impulsar a nivel institucional a igualdade real e efectiva, de xeito que o Concello de Narón e as persoas que nel desenvolven a súa actividade profesional sexan un exemplo na aplicación do principio de transversalidade na planificación e execución dos servizos

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade nos diversos eidos da vida social, nomeadamente nos ámbitos públicos e de decisión

VIOLENCIA DE XÉNERO EN TODAS AS SÚAS MANIFESTACIÓNS

- Promover actuacións de sensibilización, formación, prevención, detección e intervención en materia de violencia de xénero que contribúan á súa erradicación e á implicación de toda a cidadanía na loita contra este fenómeno nas súas distintas manifestacións

BENESTAR INTEGRAL E CALIDADE DE VIDA

- Favorecer o benestar integral das mulleres, entendendo este como o benestar físico e psíquico, e a cobertura das súas necesidades, redundando na mellora da súa calidade de vida

IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO

- Potenciar as actuacións encamiñadas a introducir o principio de igualdade dende as idades máis temperás e en todos os procesos educativos, tanto formais coma non formais


EMPREGO, CONCILIACIÓN E XESTIÓN DOS TEMPOS

- Poñer en valor os traballos das mulleres ao tempo que se traballa en prol da corresponsabilidade da man dos varóns, sentando as bases para unha participación laboral en igualdade e garantindo os recursos precisos en materia de conciliación

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Reforzar as actuacións dirixidas a mulleres pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, atendendo á súa diversidade

A cada obxectivo estratéxico lle darán resposta diversos obxectivos operativos, coas súas correspondentes accións e indicadores de avaliación. O diagrama que representa a estrutura do plan de xeito vertical é o seguinte:



Cada unha das accións do Plan estará acompañada da súa planificación e executabilidade, polo que se incorporará a seguinte información sempre que proceda, no formato de ficha que se describe de seguido:

Descrición da acción.			
2013 ²	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA I A5	
Poboación diana		Grupo/s de poboación a quen se dirixe a acción	

² Para esquematizar a temporalización, en cada acción se colorear o ano en que se executa por vez primeira. En caso de que a acción se revise anualmente, só se marcará ese primeiro ano aínda que finalmente se replique durante os catro anos de vigor do plan, xa que a revisión podería implicar un cambio ou a supresión da acción.

Carácter	Troncal ou periférico ³
Seguimento e avaliación	Revisión anual, bianual ou cuatrianual
Concellería responsable / implicadas	Concellería responsable da execución / Concellerías implicadas no seu desenvolvemento
Indicadores	Nº de persoas asistentes desagregado por sexo Grao de satisfacción		
Observacións	Trátase dunha acción convertible nos seus contidos, na medida en que o presente plan recolle as demandas das asociacións, que poden mudar ou ser modificadas por criterios técnicos.		

Ofertar cursos breves de redes sociais, fotografía dixital e sistemas de comunicación por videoconferencia gratuitos nos locais sociais co obxecto de favorecer a participación das mulleres rurais.

2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA IV B3	
Poboación diana		Mulleres de 16 a 60 anos	
Carácter		Periférico	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade / Concellería de novas tecnoloxías	
Entidades implicadas		--	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de persoas asistentes desagregado por sexo Grao de satisfacción	
Observacións		Trátase dunha acción convertíbel nos seus contidos, na medida en que o presente plan recolle as demandas das asociacións, que poden mudar ou ser modificadas por criterios técnicos.	

OBXECTIVO OPERATIVO IV C:

Traballar a prol da educación afectivo-sexual en igualdade, promovendo relacións de parella igualitarias e unha vivencia da sexualidade san, formada e informada.

ACCIÓNS:

Dar continuidade aos obradoiros de educación afectivo-sexual dirixidos a adolescentes, incluíndo referencias a temas de orientación sexual e relacións de parella igualitarias.

2013	2014	2015	2016
------	------	------	------

Referencia	ÁREA IV C1
Poboación diana	Poboación adolescente do Concello de Narón
Carácter	Troncal
Seguimento e avaliación	Bianual
Concellería responsable	Concellería de ensino / Concellería de gualdade, Concellería de mocidade
Entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización parcial do servizo
Financiación	--
Indicadores	Nº de obradoiros realizados Poboación asistente desagregada por sexo
Observacións	Dende o persoal docente demándase que esta acción se inicie a idades máis novas.

Realizar asesorías sobre sexualidade nos recreos do Instituto, co obxecto de resolver de forma cercana dúbidas e detectar problemas e situacións de risco.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA IV C2	
Poboación diana		Poboación adolescente do Concello de Narón	
Carácter		Periférico	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de ensino / Concellería de gualdade	
Entidades implicadas		Centros educativos	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Recursos propios	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de intervencións Nº medio de consultas	

	Problemáticas detectadas
Observacións	--

Recompilación de mitos sobre o sexo (a anticoncepción, o aborto, a menstruación, a orientación sexual...) de distintas xeracións para debatir nos "Faladoiros" coa colaboración de persoal sanitario e nos obradoiros de saúde afectivo-sexual dos centros educativos

2013	2014	2015	2016
Referencia	ÁREA IV C3		
Poboación diana	Mulleres maiores de 18 anos asistentes aos "Faladoiros" Poboación adolescente		
Carácter	Periférico		
Seguimento e avaliación	Anual		
Concellería responsable	Concellería de igualdade		
Entidades implicadas	Asociacións de mulleres Persoal sanitario Centros educativos		
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios		
Execución	Recursos propios		
Financiación	--		
Indicadores	Mitos recollidos Asistencia ao "Faladoiro" nos que se debaten		
Observacións	Mediante esta acción trátase de dar resposta á inqueda amosada polo persoal sanitario participante nas mesas de traballo en torno á pervivencia de mitos en materia de sexualidade.		

V.6. ÁREA DE EMPREGO, CONCILIACIÓN E XESTIÓN DOS TEMPOS (V)

OBXECTIVO OPERATIVO V A:

Traballar a prol da igualdade no emprego, sensibilizando ao empresariado das vantaxes da igualdade e erradicando os estereotipos de xénero nesta materia.

ACCIÓNS:

Realizar microsesións monográficas informativas/formativas dirixidas ao empresariado, ás asociacións empresariais e ás asesorías laborais e contables, co obxecto de informar e formar en torno ás vantaxes da igualdade, a conciliación e a normativa nesta materia.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA V A1	
Poboación diana		Empresariado de Narón Asesorías fiscais, laborais e contables Asociacións de comerciantes e empresariais	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade / Concellería de emprego	
Outras entidades implicadas		Asociacións de comerciantes e empresariais	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de asistentes desagregado por sexo Grao de satisfacción Demanda de temáticas posteriores	
Observacións		--	

Achegar ao empresariado de Narón información acerca da normativa relacionada coa igualdade no emprego.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA V A2	
Poboación diana		Empresariado de Narón	
Carácter		Periférico	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade / Concellería de emprego	
Outras entidades implicadas		Asociacións de comerciantes e empresariais	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Recursos propios	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de documentos informativos enviado Visitas a empresas clave antes e despois do envío	
Observacións		--	

Dar continuidade á transversalidade de xénero nos distintos itinerarios de formación e inserción laboral, reforzando a súa asistencia.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA V A3	
Poboación diana		Persoas desempregadas empadroadas no Concello de Narón entre 18 e 60 anos.	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Cuatrienal	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de emprego / Concellería de igualdade	

Entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización do servizo
Financiación	--
Indicadores	% de asistencia do alumnado inscrito no curso ao módulo de igualdade % de asistencia de mulleres Entrega de enquisa de valores
Observacións	--

OBXECTIVO OPERATIVO V B:

Poñer a disposición dos homes e mulleres do Concello de Narón os recursos imprescindibles para conciliar a vida profesional, persoal e familiar, particularmente relevantes no caso das mulleres, sobre quen segue a recaer aínda de xeito non igualitario a carga dos traballos domésticos e de coidado.

ACCIÓNS:

Dar continuidade á “Conciliaescola” como medida extra de conciliación da vida familiar, persoal e profesional.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA V B1	
Poboación diana		Nenos e nenas entre 4 e 12 anos	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Bianual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade	
Entidades implicadas		--	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	

Financiación	--
Indicadores	Nº de nenos e nenas asistentes Nº de familias monoparentais beneficiadas
Observacións	--

Dar continuidade ao obradoiro “Coidando á coidadora” de atención e reforzo psicolóxico para coidadoras profesionais e non profesionais de persoas dependentes.

2013	2014	2015	2016
Referencia	ÁREA V B2		
Poboación diana	Mulleres coidadoras a partir de 18 anos.		
Carácter	Troncal		
Seguimento e avaliación	Anual		
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade		
Outras entidades implicadas	--		
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios		
Execución	Externalización do servizo		
Financiación	--		
Indicadores	Nº de asistentes Grao de satisfacción		
Observacións	Esta acción debe ir acompañada dun servizo de atención a dependentes para favorecer a asistencia das persoas coidadoras.		

Dado o papel de avós e avoas na conciliación da vida profesional e familiar das súas fillas e fillos, poñer en marcha un obradoiro de atención e formación para avós/avoas coidadores/as con servizo de atención infantil, realizando actividades nas que avós/avoas e netos/as poidan intercambiar coñecementos e compartir actividades.

2013	2014	2015	2016
------	------	------	------

Referencia	ÁREA V B3
Poboación diana	Avós e avoas coidadores/as
Carácter	Periférico
Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización do servizo
Financiación	--
Indicadores	Nº de asistentes Grao de satisfacción
Observacións	Trátase dunha acción de envellecemento activo, que introducirá contidos transversais de igualdade. Financiarase dentro da concesión de centros comunitarios municipais.

Garantir a permanencia e consolidación dos servizos de escolas infantís de 0 a 3 anos como acción indispensable para a conciliación da vida familiar, persoal e profesional.

	2013	2014	2015	2016
Referencia	ÁREA V B4			
Poboación diana	Nenos e nenas de 0 a 3 anos Familias			
Carácter	Troncal			
Seguimento e avaliación	Bianual			
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade / Concellería de ensino			
Entidades implicadas	--			
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios			
Execución	Externalización do servizo			
Financiación	--			

Indicadores	Demanda real Demanda potencial
Observacións	--

Garantir a permanencia e consolidación dos servizos de actividades extraescolares como acción indispensable para a conciliación da vida familiar, persoal e profesional.

2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA V B5	
Poboación diana		Nenos e nenas en idade escolar Familias	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Bianual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de ensino / Concellería de gualdade	
Outras entidades implicadas		--	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	
Financiación		--	
Indicadores		Demanda real Demanda potencial	
Observacións		--	

V.7. ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (VI)

OBXECTIVO ESTRATÉXICO DA ÁREA:

Reforzar as actuacións dirixidas a mulleres pertencentes a colectivos en situación de especial vulnerabilidade, atendendo á súa diversidade

OBXECTIVO OPERATIVO ÁREA VI A

Aunar esforzos para fomentar a inclusión das persoas con diversidade funcional, atendendo ás súas necesidades especiais dende o punto de vista da igualdade.

Campionato municipal de bocha de equipas mixtas.			
2013	2014	2015	2016
Referencia	ÁREA VI A1		
Poboación diana	Homes e mulleres con diversidade funcional		
Carácter	Troncal		
Seguimento e avaliación	Anual		
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade / Concellería de deportes		
Outras entidades implicadas	Asociacións de persoas con diversidade funcional Entidades deportivas Padroado de deportes		
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios		
Execución	Recursos propios		
Financiación	--		
Indicadores	Nº de participantes Grao de satisfacción das asociacións		
Observacións	--		

Realización dunha xornada informativa sobre o impacto da violencia de xénero nas mulleres con diversidade funcional.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA VI A2	
Poboación diana		Mulleres con diversidade funcional	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade	
Outras entidades implicadas		Asociacións de persoas con diversidade funcional	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de persoas asistentes Grao de satisfacción das entidades	
Observacións		--	

OBXECTIVO OPERATIVO ÁREA VI B

Introducir e reforzar as temáticas de igualdade tendo en conta as necesidades e peculiaridades das distintas nacionalidades e etnias, incidindo na igualdade como valor fundamental por riba de toda tradición cultural.

Reforzar nas actividades dirixidas a mulleres de etnia xitana de diversas dades contidos en materia de igualdade.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA VI B1	
Poboación diana		Mulleres de etnia xitana de distintos tramos de idade	
Carácter		Troncal	

Seguimento e avaliación	Anual
Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade
Outras entidades implicadas	Secretariado Xitano
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Persoal do servizo sociocomunitario
Financiación	--
Indicadores	Nº de actividades nas que participan mulleres e mulleres de etnia xitana Nº de actividades nas que se transversalizou a igualdade.
Observacións	--

Realización de “Faladoiros” multiculturais, no que mulleres residentes en Narón de distintas nacionalidades conversen sobre temas relacionados coa igualdade.

2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA VI B2	
Poboación diana		Mulleres de Narón de distintas nacionalidades	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Anual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade	
Outras entidades implicadas		Asociacións de inmigrantes	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Recursos propios	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de persoas asistentes % de mulleres Nacionalidades representadas	
Observacións		--	

OBXECTIVO OPERATIVO ÁREA VI C

Establecer accións encamiñadas á mellora da inclusión social e laboral das mulleres en risco de exclusión social, mellorando as súas destrezas e habilidades en diversas materias.

Dar continuidade aos obradoiros de organización e xestión familiar.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA VI C1	
Poboación diana		Mulleres perceptoras da RISGA	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Bianual	
Concellería responsable / implicadas		Concellería de igualdade	
Outras entidades implicadas		Secretariado Xitano	
Unidade transversalizadora		Servizos sociocomunitarios	
Execución		Externalización do servizo	
Financiación		--	
Indicadores		Nº de mulleres asistentes Evaluación por parte do persoal técnico da evolución acadada polas asistentes	
Observacións		--	

Dar continuidade aos obradoiros de confección como estratexia de inclusión social con vocación de inserción sociolaboral.			
2013	2014	2015	2016
Referencia		ÁREA VI C2	
Poboación diana		Mulleres perceptoras da RISGA	
Carácter		Troncal	
Seguimento e avaliación		Bianual	

Concellería responsable / implicadas	Concellería de igualdade / Concellería de emprego
Outras entidades implicadas	--
Unidade transversalizadora	Servizos sociocomunitarios
Execución	Externalización do servizo
Financiación	--
Indicadores	Nº de mulleres asistentes Potencial inserción sociolaboral
Observacións	Trátase dunha acción convertíble nos seus contidos, na medida en que pode mudar ou ser modificada no seu obxecto por criterios técnicos.

VI. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación do II Plan de Igualdade do Concello de Narón terá as seguintes ferramentas:

- Realizarase un seguimento periódico das actividades recollidas no Plan, así como de posibles incidencias en materia de igualdade por parte da Comisión da Muller. Esta ferramenta persegue dous obxectivos: por unha banda relanzar e dotar de contidos este organismo e, por outra, dar seguimento do plan de xeito institucional. A periodicidade das reunións de seguimento será non inferior a unha por trimestre e non superior a unha por mes.
- Dentro das actuacións recollidas no Plan de Igualdade contemplarase a necesidade de introducir nas ferramentas informáticas datos desagregados por sexo e outros indicadores que faciliten a avaliación.
- Cada obxectivo operativo do Plan contará cos seus correspondentes indicadores de eficiencia e impacto, tanto a nivel cuantitativo como cualitativo, perseguindo de novo o obxectivo de facilitar a avaliación.

Dado que o Plan de Igualdade ten unha vixencia de catro anos subdivididos en dúas etapas bianuais, realizaranse, coa axuda das ferramentas anteriormente citadas, dúas avaliacións:

- Unha avaliación intermedia aos dous anos de execución do II Plan, que recolla liñas de mellora concretas para a execución da planificación restante.
- Unha avaliación final que dea conta dos resultados obtidos e indique as propostas e liñas de traballo para o seguinte Plan, ou as modificacións correspondentes no caso da prorrogação do vixente.

Tal e como se incidiu nos fundamentos do II Plan, unha das características principais deste documento é a estruturalidade e normatividade. Así se quere reflectir na regulamentación das modificacións e potenciais prórrogas do documento, que quedan normativizadas do seguinte xeito:

As modificacións a realizar como avaliación intermedia (ano 2015) deberá proceder dun acordo tomado en Xunta de Goberno Municipal e cun informe motivado das devanditas modificacións.

Ao finalizar a vixencia do Plan deberá ser debatida en pleno a súa potencial prórroga, coas modificacións correspondentes, que poderá ter unha duración de ata catro anos máis.

VII. ANEXOS

VII. 1. BATERÍA DE SUXESTIÓNS RECOMPILADAS NAS MESAS DE TRABALLO E REUNIÓNS DE COORDINACIÓN.

De seguido preséntanse as medidas que se foron recollendo ao longo da metodoloxía executada. As medidas divídense en bloques temáticos e son reflexo das demandas expresadas, o cal non implica que foran recollidas no Plan de xeito literal ou individualizado, senón que foron tidas en conta na medida en que se validou a súa pertinencia e a súa executabilidade.

Bloque /nivel institucional(referido á institución e ás persoas que nela desenvolven a súa actividade profesional ou política):

- Elaboración e difusión dun boletín periódico ou circulares internas en materia de igualdade.
- Realización de pequenas ferramentas de avaliación na aplicación informática do Concello que facilite a avaliación continua.
- Accións formativas para o persoal do concello (institucional-funcionariado) secuenciadas e monográficas: café-tertulia formativo de media hora/unha hora de carácter monográfico.
- Re impulsar a Comisión de Mulleres, de xeito que sexa o órgano responsable de facer seguimento e avaliación continua do plan e análise dos resultados acadados.
- Conexión do Plan co protocolo de violencia de xénero que se está a desenvolver.
- Inclusión nas ferramentas informáticas correspondentes de datos desagregados por sexo e indicadores que se sinalen no plan.

- Artellar métodos de divulgación do Plan de Igualdade, impactantes e visuais de xeito que se visualice simbólicamente que determinada actuación forma parte do Plan e de que se dea a coñecer á poboación esta ferramenta.
- Co obxectivo de mellorar a presenza de mulleres nas distintas entidades asociativas, nomeadamente nas deportivas, computar en positivo na baremación das subvencións municipais a presenza de mulleres na Xunta Directiva.
- Importancia de que traballadores/as do Concello, especialmente na atención ao público transmitan unha imaxe de igualdade.
- Adopción dun acordo no que a formación en igualdade se constitúa en obriga estrutural coas preceptivas sancións se procedese, a elaborar pola avogada.
- Vixilancia do dereito á intimidade das persoas usuarias dos servizos sociais.
- Integración dos padroados municipais de cultura e deportes no ámbito da igualdade, introducindo nas súas actividades e planificación o principio de transversalidade.
- Medidas para o persoal a nivel institucional que vaian in crescendo no tempo.
- Elaboración dunha pequena guía de detección de síntomas/indicadores de violencia de xénero dirixida ao persoal sanitario, na que se lles indique o procedemento para pedir asesoramento ao servizo sociocomunitario.

Sensibilización cidadá:

- Fotos do persoal do centro de saúde, do persoal político, de persoas clave noutros ámbitos nos seus centros de traballo rexeitando a violencia (campana).

Ruptura de estereotipos de xénero:

- Informar ás xestorías sobre as vantaxes da igualdade e contribuír a desbotar estereotipos de xénero relacionados co emprego. Sesións formativas monográficas dirixidas a asesorías e empresariado.



- Continuidade de obradoiros de corresponsabilidade para adolescentes e autonomía persoal.
- Introducir na información da oferta deportiva municipal (folletos, etc) imaxes e mensaxes que indiquen que os deportes son mixtos e erradicar así estereotipos sobre deportes “masculinos” e “femininos”.
- Favorecer as equipas deportivas mixtas.

Saúde sexual e reprodutiva:

- Educación afectivo-sexual dirixidas a adolescentes, que incidan nas relacións de parella en igualdade. Demándase que se inicien a idades máis novas.
- Educación en materia de orientación sexual.
- Retomar as asesorías sobre sexualidade nos recreos do instituto.
- Traballar cos mozos e mozas sobre os mitos das parellas e sobre as relacións de parella en igualdade.
- Charla sobre os mitos sobre o sexo interxeracionais, dado que se constata dende o sector sanitario que estes mitos perduraron ao longo do tempo.

Participación social:

- Medidas que incentiven a presenza feminina nas actividades culturais masculinizadas.
- Fomento da presenza de mulleres nas xuntas directivas dos consellos de barrio.
- Fomento do relevo xeracional nas asociacións de mulleres, na que a media de idade é moi alta, con actividades que permitan o traballo interxeracional.
- Fomentar a colaboración entre as distintas asociacións de mulleres para mellorar o seu aproveitamento de recursos e establecer redes.
- Dar publicidade no centro de saúde ás actividades das asociacións de mulleres.
- Impulsar a creación dentro dos mecanismos de participación cidadá do Consello Sectorial de Igualdade.

- Crear unha escola de participación e igualdade como simulador do Consello Sectorial.
- Introducir na distribución dos órganos de participación cidadá a porcentaxe de mulleres na entidade como criterio de reparto.
- Establecer unha cota mínima de mulleres nos órganos de representación de participación cidadá.

Loita contra a violencia de xénero:

- Traballo cos micromachismos ou manifestacións sexistas consideradas de baixa intensidade.
- Traballo en prevención da violencia de xénero con nenas xitanas.
- Creación de grupos de autoaxuda para vítimas de violencia.

Conciliación:

- Incidir no papel dos avós e avoas na conciliación da vida familiar e profesional das súas fillas e fillos.
- Valoración da posta en marcha dun servizo de acompañamento de emerxencia a pediatría.
- Campaña entre o empresariado de Narón dando a coñecer as vantaxes da conciliación.

Atención á diversidade:

- Información/formación sobre violencia e discapacidade.
- Incidir no traballo específico con mulleres de distintas nacionalidades.
- Campeonato municipal de Bocha para equipos mixtas de persoas con discapacidade.

Formación nos distintos ciclos vitais:

- Actividades conxuntas extraescolares que poidan facer pais/nais e fillas/os co obxecto de compartir tempo.
- Maior aproveitamento da aula CEMIT para as asociacións de mulleres para mellorar a súa capacitación en TICs: uso de Internet, redes sociais, skype, fotografía dixital, que son as actividades demandadas.
- Escola de avós e avoas, similar á de nais e pais pero na que se integren temas de autocoidado, envellecemento activo e violencia de xénero.
- Replicar a actividade que se realizou no IES na que se plantexa o que avós e avoas fan polos netos e o que eles/as poden facer a cambio (ensinarlles a usar o móbil, skype...)

Cultura:

- Deseño de ferramenta informática ou introdución na xa existente dun módulo que permita a desagregación de datos das persoas usuarias dos seus servizos por sexo. Esta medida proporase tamén no servizo sociocomunitario e no padroado de deportes, e no resto dos departamentos como periférica.
- Se ben os criterios de elección das actividades culturais/artísticas son de carácter artístico, introducirase a discriminación positiva na medida en que se terá en conta a dirección feminina dos espectáculos e a presenza feminina nos repartos dos mesmos.
- Realización de una actividade relacionada coa igualdade por semestre.

Deportes:

- Realizar un informe diagnóstico de xénero sobre a participación nas actividades deportivas e o uso das instalacións deportivas das mulleres no Concello de Narón.

- Aplicación informática. Desagregación por sexo e parroquia de procedencia.

VII.2. GLOSARIO DE TERMOS

Acción positiva: estratexia destinada a establecer a igualdade de oportunidades, por medio dunhas medidas que permitan contrastar ou corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais.

Acoso sexual: comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado e de índole sexual co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa creando un ambiente intimidatorio, degradante, humillante ou ofensivo.

Conciliación da vida laboral, persoal e familiar: organización do entorno laboral que facilita a mulleres e homes a atención ao traballo remunerado, ás responsabilidades familiares e ás necesidades persoais.

Corresponsabilidade: compartir por igual as responsabilidades domésticas e de coidados.

Cota: establecemento de porcentaxes de presenza das mulleres con respecto aos homes co fin de paliar a escasa comparecencia das mesmas nalgunha actividade ou ámbito concretos.

Desagregación por sexo de datos estatísticos: recollida sistemática dos datos estatísticos desglosados por sexo, co obxectivo de facilitar a análise dende a perspectiva de xénero e a comparación das situacións de homes e mulleres nunha determinada área.

Discriminación directa: situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

Discriminación indirecta: situación na que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

Discriminación positiva: estratexia destinada a privilexiar a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

Diversidade funcional: funcionamento permanente ou temporal dos órganos, de parte ou da totalidade do corpo ou da mente distinto do da maioría da poboación. O entorno debe ser adaptado, mediante as melloras técnicas, formativas e laborais precisas, de xeito que estas persoas poidan desenvolverse nunhas circunstancias non excluíntes.

División sexual do traballo: supón a división social do traballo e da realidade en dúas esferas, adxudicadas de xeito diferencial a homes e mulleres segundo o seu sexo. Por unha banda, a esfera do traballo produtivo e do espazo público, maioritariamente adscrita aos varóns ao longo da historia e, por outra banda, a esfera do traballo reprodutivo/doméstico e do espazo privado e o coidado, adscrita ás mulleres. A diferenza fundamental entre ambas as dúas esferas radica en que o traballo produtivo é remunerado e o reprodutivo é maioritariamente desenvolvido por mulleres de xeito gratuíto, invisible e non reflectido na contabilidade oficial, a pesares do seu alto valor engadido.

Dobre xornada: compaxinación do traballo produtivo e reprodutivo por parte das mulleres, con consecuencias físicas e psíquicas para a súa saúde.

Empoderamento: proceso multidimensional polo que as mulleres, partindo do coñecemento da súa desigual posición na sociedade, determinan a súa lexitimidade e a súa capacidade para participar na toma de decisións e nas esferas de poder, potenciando os seus recursos.

Estereotipos de xénero: conxunto de ideas cunha fonda raigame na sociedade que determinan cales son os comportamentos agardados e sancionados para homes e mulleres, xeralmente opostos.

Igualdade (formal e real): a igualdade como principio outorga os mesmos dereitos a todos os seres humanos, con independencia das súas características físicas, persoais ou socioculturais. A igualdade formal é a prohibición legal de discriminación de calquera persoa, con independencia das características anteriormente citadas. A igualdade real remite ao conxunto de actuacións e políticas tendentes á consecución

efectiva do principio de igualdade en tódolos eidos da sociedade, mediante a transformación e eliminación dos atrancos que supoñen un impedimento para elo.

Indicadores de xénero: aquel tipo de indicadores sociais cuxo fin é indicar e medir os cambios producidos nas relacións de xénero nun momento determinado ou ó longo do tempo.

Impacto de xénero: análise ou exame diferencial das consecuencias e do impacto dunha determinada actuación ou política sobre os varóns e as mulleres, co obxectivo de contrastar se esta afectará de xeito diferente e discriminatorio a un dos sexos, e adaptala e modificala ata corrixir eses efectos non desexados.

Machismo: conxunto de todos aqueles actos físicos ou verbais, por medio dos que se manifesta o sexismo subxacente na estrutura social.

Paridade: proporcionalidade na representación de homes e mulleres.

Persoa dependente: toda persoa que, polas súas condicións físicas, psíquicas, sociais ou de idade, depende doutra persoa ou persoas para a súa supervivencia e benestar. Esta definición sociolóxica inclúe a nenas e nenos, persoas maiores dependentes e persoas de calquera idade con diversidade funcional física e/ou psíquica.

Plans de igualdade: documento de referencia que contén estratexias e instrumentos destinados a desenvolver unha política que oriente as prácticas de igualdade de oportunidades nunha entidade, organismo ou administración concreta.

Políticas de igualdade: intervencións de tipo político para levar á realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Principio de igualdade: implica o igual recoñecemento e valoración de homes e mulleres, así coma das tarefas, funcións e roles que desenvolven.

Roles de xénero: conxunto de tarefas e de funcións asignados socialmente a varóns e mulleres, de xeito diferencial.

Segregación horizontal e vertical: a segregación horizontal remite a aquelas actividades educativas ou postos de traballo de igual rango nos que a presenza de mulleres é moi maioritaria ou chamativamente escasa, sempre relacionado cos roles e estereotipos de xénero tradicionais. A segregación vertical remite á presenza relevante

de mulleres nos chanzos máis baixos da pirámide de mando laboral e a escasa presenza nas cúpulas e mandos superiores.

Sexo: características biolóxicas dos seres humanos, diferenciais para varóns e mulleres.

Traballo e Emprego: ao falar de traballo estase a falar daquelas actividades e tarefas que comprenden tanto o traballo produtivo coma o doméstico/reprodutivo, sexan remuneradas ou non. O emprego, pola contra, só se refire ao traballo que é remunerado.

Traballo doméstico/reprodutivo: aquel conxunto de actividades que se desenvolven no ámbito do doméstico. Sen a cobertura destas tarefas, o traballo produtivo non sería posible e sería insostible o sistema económico actual. Xeralmente, este traballo é desenvolvido de xeito gratuíto por mulleres, agás nos casos nos que se externaliza e se converte en emprego remunerado, en condicións xerais de precariedade, para outras mulleres. Estas tarefas están conformadas polo coidado das persoas dependentes, organización, intendencia, planificación e mantemento do fogar, planificación da nutrición, hixiene, compra, etc.

Transversalidade de xénero: estratexia que implica a integración da perspectiva de xénero en tódalas accións, áreas e políticas públicas sen excepción.

Violencia de xénero: todo acto de violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Xénero: características socioculturais atribuídas diferencialmente a varóns e mulleres, que son aprendidas e mudables.

VII.3. DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA MANEXADA

- Avaliación do I Plan de Igualdade do Concello de Narón.
- Borrador do VI Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Datos do Instituto Galego de Estatística.
- I Plan de Igualdade do Concello de Narón.
- Leira López, Xosé (Dir.): *As mulleres de Narón*, Concello de Narón, Narón, 2004.
- Likadi: *Mainstreaming o enfoque integrado de género*, Likadi, Madrid, 2002.
- Memoria 2011 do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón.
- VVAA: *Indicadores de género*, Junta de Andalucía, 2006.
- VVAA: *La igualdad de género como factor de calidad*, Junta de Andalucía, 2006.



Servizo Sociocomunitario Municipal
Área de Planificación e de Proxectos

Outubro - 2012

Proxecto técnico:

DOCUMENTO BASE II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE.

Promotora:

CONCELLARÍA DE IGUALDADE
CONCELLO DE NARON

Cofinanciamento:

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
CONCELLO DE NARÓN

Equipa de elaboración:

ASISTENCIA TÉCNICA – GAELA CONSULTORA, S.L.
CRISTINA JUSTO.

SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL

Judith Martínez Casteleiro

Alfonso Filgueira López.



